



Concello do Grove

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 1351/2026 relacionado co 392/2026

ASUNTO: Nomeamento do Tribunal de selección e convocatoria da proba selectiva para cubrir 3 prazas de peón forestal do GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO.

ANTECEDENTES

Con data 03.03.2026 o Concello do Grove presenta unha solicitude de subvención para a contratación de 3 persoas traballadoras para a realización do proxecto de obras ou servizos “PREVENCIÓN 2026”.

Con data 23.04.2026 recíbese da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración resolución de concesión de subvención para a contratación de 3 persoas traballadoras desempregadas para a realización do proxecto “PREVENCIÓN 2026”.

Con data 29.04.2026 pola Secretaría emite informe proposta para aprobación de bases e tramitación de oferta.

Con data 04.05.2026 por acordo de XGL apróbanse as bases que han de rexer a convocatoria, a publicación das mesmas e o envío da oferta ao Servizo de Emprego de Galicia e a designación do Tribunal.

Considerando a necesidade de iniciar o procedemento de selección e contratación dos traballadores para o seguinte posto: **3 peóns forestais** e en virtude das atribucións a min conferidas pola Lei, artigo 21.1 a), f) e h) da Lei 7/85, reguladora das bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Designar aos membros do Tribunal de Selección sendo a súa composición a seguinte:

Presidencia: Antonio Fontoira García, encargado de obras do Concello do Grove.
Secretaría: Francisco Meis Durán, Técnico en Medio Ambiente do Concello do Grove
Vogais: 1º vogal: Gerardo Iglesias Bouza, operario condutor do Concello do Grove
2º vogal: Fabián Prieto González, operario do Concello do Grove.
3º vogal: José Antonio Meis Otero, operario condutor do Concello do Grove

Os membros do Tribunal cualificador poderán ser recusados, cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Determinar, aos efectos do artigo 30.4 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnización por razón do servizo, que o número máximo de asistencias por membros ao órgano de selección será de tres.





Concello do Grove

SEGUNDO.- Determinar a data, hora e lugar de realización do exercicio correspondente á fase de oposición do proceso selectivo:

- Data e hora: 21 de maio de 2026, ás 9:30 horas.
- Lugar: Instalacións Monte das Flores – Paredes s/n.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios (casa consistorial e sede electrónica) e na páxina web municipal.

CUARTO.- Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben o recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra.

Mándao e asínoa o alcalde, na data indicada á marxe, do que como secretario da corporación dou fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 letra “e” do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.

Documento asinado electronicamente na marxe

